

Sumario | nº18 – Xuño 2022


**EDIUS** **NOVAS**

## Prazos para solicitude de prórrogas




**OPINIÓN**

## Jogo Bonito o Catenaccio?



**EDIUS** **NOVAS**

## Alejandro Gómez-Pazo, doutor pola USC, gaña a fase galega do concurso 'A túa tese nun fío de Twitter'



Alejandro Gómez-Pazo, xeógrafo e doutor pola USC, gañador da fase galega de 'A túa tese nun fío de Twitter'

«Este concurso é unha oportunidade de axudar a difundir traballos que moitas veces non están ante o foco mediático»

**EDIUS** **NOVAS**

O IX Encontro da Mocidade Investigadora celébrase en Santiago do 20 ao 22 de xuño



**3MT®**

A Gran Final do *Three Minute Thesis* celebrarase neste mes de xuño



**EDIUS** **NOVAS**

Catro doutorandos da USC imparten unha charla sobre Saúde Pública na Brown University dos Estados Unidos



**ENTREVISTA**



David Lea, membro do Comité Organizador do IX EMI

«A importancia deste tipo de encontros reside na oportunidade de dialogar con outras investigadoras/es e coñecer outras investigacións»



**EDIUS** **NOVAS**

Convocados os 'Premios á Investigación' da Real Academia de Doutores de España



**EDIUS** **NOVAS**

Seminario sobre argumentación en ciencia para practicar as habilidades comunicativas

Concha Martínez-Vidal



**ENTREVISTA**

Rafael Repiso, doutor en Documentación (2013) e Doutor en Comunicación (2019)

«Un ser humano pode relacionarse plenamente cun máximo de 150 persoas»



## Prazos para solicitude de prórrogas

Presentaranse a solicitude de prórroga entre os días 24 de xuño e o 8 de xullo.

Unha vez consumido o tempo de dedicación máximo para facer unha tese, o alumno/a matriculado/a nos Programas de Doutoramento poderá solicitar as prórrogas contempladas no artigo 26 do [Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC](#). Para a concesión ou denegación da solicitude de prórroga é precisa a autorización da CAPD.

Neste curso 2021-2022, aqueles alumnos e alumnas con data de finalización prevista entre o 1 de setembro deste ano e o 31 de xaneiro de 2023 poderán presentar a solicitude de prórroga **entre os días 24 de xuño e o 8 de xullo**.

Para solicitar información e realizar trámites relacionados co proceso de prórroga, baixas ou admisión e matrícula deberán contactar co Servizo de Xestión Académica a través do enderezo [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es).

A primeira prórroga que pode solicitar o doutorando/a calcúlase en meses naturais do seguinte xeito:

**Prórroga =  $12/36 \times$  tempo completo +  $24/60 \times$  tempo parcial.**

Deste xeito, un doutorando/a que estivo sempre a tempo completo corresponderíalle unha prórroga de 12 meses naturais. Se estivo sempre a tempo parcial correspóndenlle 24 meses. E por último, no caso de doutorandos/as con distintos tipos de dedicación nos 36 meses iniciais do tempo de dedicación corresponderíalle o resultado da fórmula anterior.

Durante os períodos de prórroga non afectará o tipo de dedicación, completa ou parcial, á nova data límite de permanencia nos estudos de doutoramento resultado da concesión da prórroga.

Unha vez finalizado o prazo concedido da primeira prórroga, existe a posibilidade excepcional de solicitar unha segunda prórroga, que sería en calquera caso de 12 meses naturais, independentemente do tipo de dedicación (completa ou parcial) que teña o alumno/a, e tamén independente de se realiza un cambio de dedicación nese período.



**Carlos Alberto  
García González**

Ciencias da Saúde

OPINIÓN

## *Jogo Bonito o Catenaccio?*

A historia do fútbol lembra seleccións que pasaron á lenda deste deporte polo seu palmarés ou polo seu estilo de xogo. O *jogo bonito* foi o estilo practicado pola selección de Brasil de Pelé e que se caracterizaba pola súa creatividade, vistosidade do xogo e moito talento, ademáis de dar tardes-noites memorables aos amantes deste deporte. En contraste, atopámonos co *catenaccio*, estilo popularizado pola selección de Italia, e baseado nunha estratexia de xogo resultadista, de contemporización, sen asumir riscos e no que se sacrifica o enxeño dos xogadores. Ambos estilos de xogo deron lugar a grandes triunfos para as seleccións *canarina* e *azzurra*, respectivamente.

Nunha Tese de Doutoramento, esta dicotomía de estilos non ten cabida. As motivacións que teñen as persoas para levar a cabo unha Tese de Doutoramento poden ser moi diversas pero, entre todas elas, sempre deben estar presentes a curiosidade científica e a procura de novos coñecementos, de habilidades técnicas e dunha formación transversal que lles doten de madurez e independencia investigadora e profesional. A consecución do título de Doutor baseada meramente na lei do mínimo esforzo aliada co paso inexorable do tempo non é xustificable; os riscos medidos en exceso, a procrastinación e o “titulismo” son actitudes a evitar por parte do estudante. Os estudos de Doutoramento son carreiras de fondo para os alumnos e é inevitable que nalgún momento o alumno se vexa tentado a coller atallos. É tarefa docente dos directores e titores de Tese o de eludir esta tentación do alumno coas dúas ferramentas máis poderosas das que dispón: o seu exemplo no traballo diario e o seu apoio constante ao alumnado. En definitiva, unha Tese de Doutoramento debe ser o resultado lóxico dun traballo de creatividade, esforzo e resiliencia por parte do alumno respaldado por un sólido equipo de investigación detrás. Viva o *jogo bonito*!

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Alejandro Gómez-Pazo, doutor pola USC, gaña a fase galega do concurso ‘A túa tese nun fío de Twitter’

Era a primeira vez que a USC participaba e o resultado non pode ser máis satisfactorio.

Un total de 21 persoas enviaron entre os días 19 e o 30 de abril os seus chíos para participar neste concurso e un deles, Alejandro Gómez-Pazo, resultou o gañador da fase galega na que participaron as Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo.

Este concurso pretende promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores/as.

Unha vez recibidas todas as propostas, o xurado da universidade compostelá, composto polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores, tivo que elixir un dos fíos de Twitter para enviar á fase galega. A decisión final foi adoptada case por unanimidade. O chío gañador resultou o de **Alejandro Gómez-Pazo** (@lex\_gom), xeógrafo e doutor pola Universidade de Santiago de Compostela, que estudou a evolución da costa galega na súa tese de doutoramento.

Na seguinte fase, había que valorar a calidade, características e contidos dos fíos enviados das tres universidades galegas (USC, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña), así como a súa adecuación ás bases do concurso. Desta volta, o xurado decidiu tamén que o fío gañador fose o de Alejandro Gómez-Pazo.



[↩ Ir ao sumario](#)

O xurado destaca o chío deste xeólogo conse- gue “enganchar dende o principio, expoñendo as conclusións relacionándoas directamente coa súa importancia local”. Engaden que a construción do fío é correcta, “utilizando unha linguaxe desenfadada e o humor para conectar co público”. Por outra banda, o xurado destaca do traballo de Gómez-Pazo que “aporta máis riqueza ao fío o emprego de gifs con elementos da cultura popular (The Rock, Forest Gump, La Vida Moderna...), fotos reais da metodoloxía empregada, e unha ligazón final para saber máis” do seu traballo.

A continuación, podedes atopar a relación de participantes da Universidade de Santiago e as ligazóns para ver os seus fíos de Twitter. Veredes canto aprendedes e como vos divertides co traballo realizado polos vosos compañeiros e compañeiras.

### GAÑADORES A NIVEL NACIONAL

Crue Universidades Españolas anunciado a través da súa conta de [Twitter](#), o fallo do xurado desta segunda edición do concurso de divulgación científica, na que resultaron gañadores catro estudantes das universidades de Valladolid, Complutense de Madrid, Estremadura e Girona.

O primeiro dos fíos premiados da ‘categoría xeral» corresponde a **Lara Sanoguera Miralles** (@LaraSanoguera), da Universidad Valladolid, pola súa investigación sobre [como as células borran información innecesaria, a cortan e a pegan para ter un manual de instruccións lóxico](#) e poder acabar, por exemplo, coas mutacións xenéticas que causan o cancro de mama hereditario. Compara as cadeas de ARN cos grupos de WhatsApp que inclúen información innecesaria.

[↩ Ir ao sumario](#)

O segundo fío galardoado pertence a **Daniel Pattier Bocos** (@Cantaaprende), da Complutense de Madrid, que investiga sobre [a proliferación de canles educativas en YouTube, a raíz da pandemia, e a fenda de xénero que existe entre os chamados ‘edutubers»](#).

A etiqueta #HiloTesis xerou desde o pasado 10 de abril, data no que se anunciou a segunda convocatoria, máis de 7.500 tuits e 20 millóns de impresións.

Tamén nesta categoría xeneral o xurado recoñeceu o traballo de **Elena Cristina Rodríguez Garlito** (@elenacrisrg), da Universidad de Extremadura, sobre [como detectar as plantas invasoras dos ríos mediante imaxes de satélite e intelixencia artificial](#).

Por último, na categoría de ‘Discapacidade e Inclusión’ o premio foi para **Maialen Beltran Arreche** (@mailabii), da Universitat de Girona, polo seu fío [sobre as mulleres con discapacidade intelectual e as súas relacións afectivo-sexuais](#).

Entre o 19 e o 30 de abril, un total de 317 participantes, procedentes de 47 universidades, publicaron os seus respectivos fíos. Do total de participantes, elixíronse a 44 da ‘categoría xeral’ e a 17 da de ‘Inclusión e Discapacidade’.



PARTICIPANTES NA FASE GALEGA

[Abro #HiloTesis](#)

Abro #HiloTesis



**Alejandro Gómez-Pazo**  
@lex\_gom



Soy Alejandro y vengo a decir que un bloque de 150 kg puede salir de paseo, que no debes dormir bajo un acantilado, que las mejores playas tienen una cara B y que es mejor prevenir que curar.

@RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC

Abro #HiloTesis 📌

**PARTICIPANTES  
NA FASE GALEGA**



**Marinela**  
@MCouseloSeijas

El corazón ❤️ es el motor de nuestro cuerpo. Y el mío hace correr por mis venas la pasión por la ciencia y la cardiología ❤️👩🔬.  
Abro #HiloTesis 📌👉

@RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC



**Sñrta. Ele**  
@Lauu\_ru\_21

Como sabes, a preocupación pola imaxe é unha das características máis visibles da sociedade moderna. Se vos preguntase cantos produtos cosméticos empregades ao longo do día... saberíades que responderme? 🤔

@RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC

Abro 📌 #HiloTesis 📌



**Abel Muñiz Mouro**  
@AbelMouro

Como reaccionarías se che digo que a produción de antioxidantes de alto valor engadido pode reducir os riscos de incendios forestais? Pensarías que estou tolo? Pois non (ou canto menos, non por isto). Dentro fío! 📌

@RedDivulga, @CrueUniversidad, @UniversidadeUSC, Abro #HiloTesis.



**Aroa Ferrer Pinós**  
@Aroa\_fp

Desde setembro de 2021 parte de tu dinero va destinado a mi proyecto de tesis. ¿Quieres saber cómo lo uso? @RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC Abro #HiloTesis



**Bea Díaz Vázquez**  
@beadiaz6

Pocos constructos despiertan tanta fascinación y repulsión como la psicopatía. Viajemos a sus orígenes, los rasgos psicopáticos infantiles. ¿Podemos prevenirlos? @Underisk2 @RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC Abro #HiloTesis.



**Museo Gestion**  
@Flaneurdemuseos

#HiloTesis Etapas de realización para un Museo de la Ciudad de La Plata. Plan de investigación aprobado y disfrutando de la investigación #Museo #LaPlata #Patrimonio @UniversidadeUSC #Doctorado #Galicia #Tesis #Museología #Investigación #Ciudad



Abro #HiloTesis


 **A. Gutiérrez-González**  
@Alejandro\_Chem

Desde [@RedDivulga](#) y [@CrueUniversidad](#) nos animan a difundir la investigación de nuestras tesis.

Este año me he decidido a participar y contaros un poco que hago.

Mi tesis se desarrolla en la [@UniversidadeUSC](#) en el [@ciquusc](#) [@MetBioCat](#) .

Abro [#HiloTesis](#) 🙌 (dadle amor)

 **nellfor**  
@nellforgon

¿Qué tienen en común las artes 🎨 y la educación 📖?

Seguro que muchos de vosotros no os habéis hecho esta pregunta. Si os da curiosidad, en este hilo os cuento un poco de qué va mi tesis. Abro [#HiloTesis](#)

[@RedDivulga](#) , [@CrueUniversidad](#), [@UniversidadeUSC](#)

 **AlmudenaBC**  
@AlmudenaBouCus

Sobre el año 1119 unos caballeros fundan la primera Orden religioso-militar: la Orden del Temple. La institución se expandió por Tierra Santa y Europa, llegando al reino de Galicia. Y de esto último va mi tesis

[@RedDivulga](#) [@CrueUniversidad](#) [@UniversidadeUSC](#)

Abro [#HiloTesis](#) 🙌

 **Jamila Jarajova**  
@jamilafarajova

[@RedDivulga](#) [@CrueUniversidad](#) [@UniversidadeUSC](#)


¿Sabías que lo que ahoramismo estás haciendo es linguo-semiosis? Un tipo de semiosis humana que siempre está precedida y seguida de una (o más) semiosis diferente. La competencia semiótica más compleja e integrada. Abro [#HiloTesis](#)

 **Marcovskri**  
@CriMarcos

Voy a animarme a contaros a que le llevo dedicando 1 añito y medio de mi vida, y lo que le queda... Gracias a [@RedDivulga](#) [@CEINDO\\_CEU](#) y [@USPCEU](#). Abro [#HiloTesis](#)

 **Oral Research**  
@oralres

¿Una par de copas de vino al día no hacen daño? [@RedDivulga](#), [@CrueUniversidad](#), [@UniversidadeUSC](#), [@idis\\_research](#) Abro [#HiloTesis](#) 🙌


 **Fernando Estévez Casado**  
@fecasado

Sabías que o teu coche pode facerse autónomo aprendendo de ti? 🚗🧠 E se o deixamos charlar co coche do veciño? 🗣️🗣️🗣️ Preocúpache ser espiad@ por unha máquina? 🤖

Toca falar de [#IntelixenciaArtificial!](#)

[@RedDivulga](#) [@CrueUniversidad](#) [@UniversidadeUSC](#) [@citius](#)

Abro [#HiloTesis](#) 🙌 [1/20]

 **Gi\_Ca**  
@gi\_camolesi

¿Sabéis lo que es la terapia a láser? En los próximos twists os contaré lo que es y para que es utilizada. Ya os adelanto que no se trata del láser para quitar pelos y tampoco de la espada de Star Wars. [@RedDivulga](#) , [@CrueUniversidad](#) , [@UniversidadeUSC](#) Abro [#HiloTesis](#) 🙌 .



Abro #HiloTesis



**Verónica Peña León**  
@VeronicaL\_PL

A nadie sorprende si digo que la lactancia materna protege frente a la obesidad 🙌, pero ¿cómo lo hace? En este hilo os cuento como en mi tesis conseguimos descifrar uno de los mecanismos @RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC Abro #HiloTesis 🙌



**María Carracedo**  
@maríacarracedop

@RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC La crisis climática es consecuencia del incremento en la emisión de gases como el CO2, subproducto inevitable de procesos industriales. Pero ¿Qué pasaría si se capturara y reutilizara? Hablemos del CO2 SUPERCRÍTICO. Abro #HiloTesis



**Ángela Arnosa**  
@AngelaArnosa

Grazas a @RedDivulga, @CrueUniversidad e @USC, vouvos tratar de explicar un pouco o que estou facendo na miña tese de doutoramento. Seguidе lendo, que vai ser unha explicación sinxeliña. Abro #HiloTesis 🙌



**Uxía OG**  
@uxi\_og

¿Conoces esta «Guía de la buena esposa» del franquismo? ¡Es fake! Es la intro de la telenovela Las Aparicio (2010). Pero, ¿era este el ideal de mujer? Quédate y te cuento un 🙌 de mi tesis de 500 págs. en <20 tuits. @RedDivulga @CrueUniversidad @UniversidadeUSC 🙌 Abro #HiloTesis



**María Moreno**  
@merymorenop

¡Hola! Interrumpo vuestro TL un momento para contaros de qué va mi tesis doctoral, o la idea del coche infinito 🙌. Gracias a @RedDivulga, @CrueUniversidad y @UniversidadeUSC por la oportunidad. Abro #HiloTesis



**Lois Alcayde Dans**  
@LoisAlcaydeDans

Está boa a noite de sábado para contarvos unha pequena historia sobre Galicia, un dos seus autores máis destacados e a relación entre poesía e política.

Vale, non é a película da semana, vínme arriba.

@RedDivulga, @CrueUniversidad, @UniversidadeUSC.


🙌 Abro #HiloTesis .



Abro #HiloTesis



ENTREVISTA



Alejandro  
Gómez-Pazo

Alejandro Gómez-Pazo, xeógrafo e doutor pola USC, gañador da fase galega de ‘A túa tese nun fío de Twitter’

## «Este concurso é unha oportunidade de axudar a difundir traballos que moitas veces non están ante o foco mediático»

*A tese de doutoramento de Gómez-Pazo espertou nas últimas semanas un grande interese tras a publicación do fío en Twitter. O seu traballo de investigación, ‘**Aplicación de novas tecnoloxías no estudo da costa de Galicia dirixidas a unha nova xestión no contexto do cambio global**’, afonda no coñecemento das costas rochosas en xeral, e das galegas en particular. Gómez-Pazo cre que “realmente o fío puido axudar a que persoas máis alleas á temática descubrisen cousas novas e agardo que continúen pendentes das nosas investigacións”.*

### Por que decidiches participar no concurso?

Habitualmente emprego Twitter e considero que é unha boa ferramenta para a difusión do resultado das investigacións á que lle dan unha gran importancia en países como Reino Unido ou Australia. Ademais, previamente tiveron un breve contacto co eido da divulgación científica da man do concurso ‘Somos científicos: sácanos de aquí’. Isto sumado ao recente da miña tese fixo que me animase a construír un fío no que ensinarlle a todo o mundo cal foi a miña ocupación nos últimos catro anos de traballo.

### Resultouche moi difícil resumir en tan poucas palabras a túa tese?

Coido que este é un dos maiores retos á hora de divulgar traballos científicos a través de Twitter. Realmente traballamos con moreas de datos, estatísticas e relacións que é imposible introducir nun fío coma o do concurso sen que a xente deixe de prestarlle atención. Un dos feitos aos que tiveron que dedicar máis tempo foi a esa elaboración de chíos que contivesen o esencial da miña investigación pero dun xeito moi conciso.

### E adaptarte á linguaxe de Twitter?

Isto vai un pouco ligado ao anterior. Si é certo que sintetizar é moi traballoso, pero a adaptación á linguaxe das redes sociais coido que foi algo menos


problemática. Ao definir un par de ideas forza sobre as que basear o fío é máis sinxelo poder amosalas nunha linguaxe próxima.

**Cres que esta iniciativa axuda realmente á divulgación científica?**

Realmente creo que si. É unha oportunidade de axudar a difundir traballos que moitas veces non están ante o foco mediático. Ademais, creo que este tipo de concursos estimulan a orixinalidade entre o persoal investigador máis novo e pode outorgarnos unha maior facilidade para expresar o noso traballo no futuro.

**A raíz da publicación do teu chío, puideches comprobar que o teu traballo é máis e mellor coñecido/comprendido?**

A verdade que nestas semanas si que tivo bastante repercusión o fío e varias persoas interesáronse por partes do meu proxecto ligadas á evolución dos sistemas costeiros ou de áreas concretas nas que traballamos durante a tese e que son do seu interese. Creo que realmente o fío puido axudar a que persoas máis alleas á temática descubrisen cousas novas e agardo que continúen pendentes das nosas investigacións.



**EDIUS** **NOVAS**

## O IX Encontro da Mocidade Investigadora celébrase en Santiago do 20 ao 22 de xuño

A novena edición do Encontro da Mocidade Investigadora (IX EMI) celebrárase na Universidade de Santiago de Compostela (USC) os días 20, 21 e 22 de xuño. Este evento, organizado por investigadores e investigadoras procedentes da USC, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, vense desenvolvendo desde o ano 2012 co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento.

O IX EMI estará aberto a todos os estudantes de doutoramento destas universidades. O único requisito para participar será estar matriculado/a en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). Os participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante tres días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temá-



ticas de cada campo de investigación, o que sen dúbida constituirá unha experiencia enriquecedora para tódolos doutorandos e doutorandas que se animen a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Artes e humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura).

O IX EMI ofrece unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións propias cos demais compañeiros predoutorais, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



David Lea

David Lea é un dos 24 membros do Comité Organizador do IX EMI

## «A importancia deste tipo de encontros reside na oportunidade de dialogar con outras investigadoras/es e coñecer outras investigacións»

### Por que é importante que existan eventos coma este?

A principal motivación das investigadoras/es para a participación nestes eventos adoita reducirse ao interese de dar luz ás súas investigacións no eido académico e universitario. Isto abrangue tanto a posibilidade de poder comunicar e participar nun Congreso como a de despois ver publicada unha pequena parte da súa tese. Polo tanto, ao final sempre hai un interese firme para tentar introducirse no círculo e ir acadando certos méritos. Sen embargo, tamén é certo que a importancia deste tipo de encontros reside na oportunidade de dialogar con outras investigadoras/es e coñecer outras investigacións e que, ao mesmo tempo, estas poidan retroalimentar ou facer progresar as propias, e mesmo establecer contactos e conexións con outras doutorandas e doutorandos favorecendo unha conversa interdisciplinar entre as diferentes áreas de coñecemento.

### Que lle dirías á mocidade Investigadora para animala a participar?

Pois un pouco na liña do comentado anteriormente. A posibilidade de pór en relación as súas investigacións

con outras colegas, ademais de de establecer uns contactos e inserirse no círculo de certa maneira, tamén pode axudar a atopar novas olladas e perspectivas nas súas teses ou, inclusive, atopar vías de progreso apoiadas en áreas en principio alleas que lles permitan facer avances significativos nos seus traballos de investigación.

### É doado o acceso ao mundo da investigación en España?

Aquí vou ir un pouco máis orientado cara unha opinión persoal e quizais porén menos obxectiva. Dende a miña óptica, o acceso en si á investigación non é complicado. Existen uns pasos lóxicos de formación que hai que seguir, pero ao final se o que queres é inserirte nun programa de doutoramento, que sería o paso non inaugural pero de certo establecemento nese mundo, non é difícil acceder. Agora ben, se consideramos a partir de aí cales son os obstáculos, existen milleiros deles, comezando co problema do financiamento en España para a investigación, onde só uns poucos privilexiados gozan de bolsas, até o futuro en postos docentes universitarios e o seu difícil acceso, sobre todo en áreas como as de humanidades.

[↩ Ir ao sumario](#)

### **Hai paridade en canto a xénero na participación?**

Se vamos a datos concretos, respecto dos membros que organizamos o Encontro, que actualmente somos un total de 24, é certo que tres cuartas partes deles son mulleres namentres só seis homes. Sen embargo, respecto do volume de comunicacións de participantes que até agora temos recibido, as cifras equilíbranse moito máis. Realmente non penso que exista unha disparidade negativa ou real en ningún dos casos, senón un simple interese de determinadas persoas tanto en organizar como en participar que non responde a ningunha cuestión de xénero. A disparidade real que si se adoita atopar neste tipo de encontros é a de áreas de coñecemento, posto que por experiencias anteriores o volume de participación tende a concentrarse nas áreas de coñecemento científicas e a ser anecdótica nas áreas máis humanísticas. Pero creo que iso xa é outro debate máis polémico.

**«Catro de cada dez estudantes de doutoramento informan de insatisfacción, estrés e/ou sintomatoloxía depresiva»**

### **Marcádesvos algún obxectivo concreto para esta edición?**

O noso maior obxectivo neste ano, no que por fin se volve a unha presencialidade total, é o de acadar unha participación alta tanto por parte de comunicadoras e comunicadores, que xa a estamos a ter, como de asistencia. Tivemos moi pouco tempo para argallar toda a loxística deste Encontro, con prazos moi curtos e moito traballo a contrarreloxo, e favorecido en grande medida pola labor de Érika que xa organizara anteriormente o Encontro e nos facilitou moito as cousas, de mesmo que a dispoñibilidade e o ben facer dende o primeiro momento de persoas coma Zaira, Jorge ou Aira, entre outras. Pero aínda así, confiamos en que a xente se anime e participe, que ao final é o fundamental neste tipo de eventos.

3MT®



Preto de 20 doutorandos e doutorandas da USC enviaron vídeos para participar no Three Minute Thesis (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento que pretende cultivar as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes.

Este é o primeiro ano que a Universidade de Santiago participa neste concurso, que apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

## A Gran Final do *Three Minute Thesis* celebrarase neste mes de xuño

A USC, a través da EDIUS, é desde este ano unha das case mil universidades dos máis de 85 países de todo o mundo que levan a cabo este concurso. O único requisito para participar nesta primeira edición do 3MT-2022 era estar matriculado nun programa de doutoramento da USC neste curso 2021/2022.

A selección dos vídeos finalistas está agora a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e profesorado da USC. Eles serán os encargados de elixir un máximo de 12 vídeos, 3 por cada grande área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán a unha Gran Final.

### PREMIOS E XURADO

Os 12 vídeos finalistas concursarán na Gran Final que terá lugar ao longo deste mes de xuño, na Nave de Vidán de Santiago de Compostela. Os 12 doutorandos e doutorandas autores das pezas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante dun xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada grande área.

O xurado, composto polos subdirectores e subdirectoras da EDIUS e por dous profesores da USC, terá en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, independentemente da área á que se adscriban.

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€. Ademais, os 12 doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento uns auriculares inalámbricos.

Durante a Gran Final tamén se outorgará un premio do público. Este premio entregarase ao participante máis votado polo público, excluídos os catro gañadores.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Catro doutorandos da USC imparten unha charla sobre Saúde Pública na Brown University dos Estados Unidos


Catro estudantes do Programa de Doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública da USC, actualmente realizando unha estancia na Brown University, en Estados Unidos, impartiron o pasado 27 de maio unha charla na escola de Saúde Pública desta institución universitaria sobre as investigacións que están a realizar.



**Cristina Candal Pedreira.** Na Universidade de Brown estivo traballando na análise da publicación e comunicación selectivas de resultados de investigación, “un problema con importantes consecuencias tanto para a comunidade científica como para a poboación xeral”, tal e como apunta a propia Cristina Candal. Neste traballo, colaborou co doutor David Egilman, da Universidade de Brown, e co doutor Joseph Ross, da Universidade de Yale, ademais dos seus dous directores de tese, Mónica Pérez Ríos e Alberto Ruano Raviña.



**Julia Rey Brandariz.** Colaborou cos profesores Jasjit S. Ahluwalia e Neal Benowitz (Universidade de California) no estudo de biomarcadores na Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC) asociados ao consumo de tabaco. O obxectivo é comparar o perfil de biomarcadores en fumadores e exfumadores, así como en fumadores diagnosticados con EPOC e sin EPOC. Ademais, nese estudo participan os dous directores de tese da doutoranda, Mónica Pérez Ríos e Alberto Ruano Raviña.



**Nerea Mouriño Castro.** Traballou co doutor Joseph M Braun (director de súa tese xunto co Mónica Pérez Ríos) nun estudo que ten por obxectivo valorar se a exposición ao fume ambiental de tabaco, durante o embarazo e primeira infancia, podería repercutir nos comportamentos alimenticios durante a adolescencia. Para iso, explica Nerea Mouriño, “empregamos datos dun estudo americano de cohortes chamado HOME (Health Outcomes and Measures of the Environment)”.



**José Ramón Enjo Barreiro.** Estivo traballando co doutor Karl Kelsey no estudo da influencia dos distintos polimorfismos xenéticos no cancro de pulmón de célula pequena, ademais do efecto que producirían ante a exposición ao tabaco e ao gas radón. Este traballo forma parte da súa tese de doutoramento, dirixida polos profesores Juan Miguel Barros Dios e Alberto Ruano Raviña.

Fotografía: Kenneth Zirkel

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Convocados os ‘Premios á Investigación’ da Real Academia de Doutores de España

A Real Academia de Doutores de España (RADE) convoca a edición XLI dos ‘Premios á Investigación 2022 para Teses de Doutoramento’, coincidindo coa celebración do centenario da súa fundación.

Estes premios están destinados a aquelas teses, cualificadas con sobresa-liente cum laude, que se distinguan, sobre todo, pola súa excelencia científica e o seu carácter innovador lidas no período do 1 de agosto de 2021 ao 31 de xullo de 2022, ambos inclusive. O prazo de inscrición rematará o 31 de xullo de 2022.

O ano pasado, o Premio Fundación Ignacio Larramendi, foi para unha tese da USC. En concreto, Sara Mandiá-Rubal recibiu o galardón polo traballo de investigación ‘Presencia e nivel de actividade en redes científicas dos investigadores españois que publican en revistas de comunicación indexadas en Scopus (Elsevier): estudo dos perfís en redes sociais e o seu posible impacto nos índices de citación’.

Os Premios RADE pretenden tanto impulsar a investigación como, sobre todo, galardoar o arduo traballo que supón a realización dunha tese de doutoramento.

As teses estarán redactadas en español. Se estiveran escritas noutra lingua, deberá adxuntarse ao texto da tese un resumo en español que inclúa os obxectivos, resultados e conclusións do traballo de investigación.

**Os Premios RADE pretenden tanto impulsar a investigación como, sobre todo, galardoar a arduo traballo.**

Os temas das investigacións para optar aos premios da RADE son varios: Humanidades e Artes; Ciencias da Vida e da Saúde; Ciencias Xurídicas; Ciencias Experimentais e Tecnolóxicas; Tecnoloxía e Administración de Empresas; Finanzas Sostibles; Información corporativa: financeira e sobre sustentabilidade; A discapacidade, a accesibilidade universal e a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade; e tema libre de Enxeñaría Naval.

Podedes atopar máis información sobre estes premios [nesta ligazón](#).

 [Ir ao sumario](#)





Concha Martínez-Vidal

EDIUS NOVAS

## Seminario sobre argumentación en ciencia para practicar as habilidades comunicativas

Concha Martínez-Vidal, profesora asociada da USC, impartiu diferentes materias relacionadas coa lóxica e a filosofía analítica.

Os seus intereses de investigación están relacionados coa filosofía da lóxica e as matemáticas. En particular cuestións como o problema da xustificación da lóxica, o papel da intuición nas matemáticas, os argumentos de indispensabilidade en diferentes versións e a metafísica dos números como obxectos abstractos.

A profesora Concha Martínez-Vidal imparte desde o mes de febreiro un ‘Seminario sobre lóxica e argumentación en ciencia’. Trátase dun curso programado por primeira vez pola EDIUS que se desenvolve presencialmente na Facultade de Filoloxía e a través de Teams un día ao mes. En xullo realizarase a última sesión.

A idea principal deste seminario é que os doutorandos e doutorandas inscritas presenten o traballo que están a realizar ante outras persoas. Deste xeito, “poden xurdir novas ideas e enfoques”, explica Concha Martínez-Vidal. O obxectivo é que o alumnado “poida practicar habilidades expositivas e comunicativas e que outros doutorandos/as coñezan de primeira man no que están a traballar outras persoas”.

Neste seminario están matriculadas unhas 30 persoas e a idea é que poida repetirse en vindeiros anos. As persoas que asisten poden facer as súas exposicións en inglés, un idioma moi empregado en moitas das áreas de coñecemento.



[↩ Ir ao sumario](#)


“A experiencia está sendo positiva”, afirma a profesora Martínez-Vidal, quen engade que, aínda que hai diferenzas, “todos teñen claro que hai que traballar e que os comentarios dos demais lle son de gran axuda”. Coa práctica, “danse conta de que deben pensar ben o que van dicir, cingirse ao estritamente necesario e limitar que a información aportada estea dirixida e ben escollida”, sinala. Para a titora, este curso “é algo esencial que se debería facer en todos os programas de doutoramento”.

A profesora fai especial fincapé na importancia que ten este seminario á hora de “ensinar a xenerosidade de ler os traballos dos demais e de axudarlles”. Concha Martínez-Vidal considera que “cada vez menos xente ten a xenerosidade de escoitar e ler ao outro e pensar niso para axudarlle a mellorar”. E a aprendizaxe de “valores” como este fan do curso unha formación imprescindible para os alumnos de doutoramento.

Concha Martínez-Vidal considera que existe a necesidade de transmitir mellor os resultados das investigacións e de formar para ensinar. “Os doutorandos e doutorandas deben saber transmitir o coñecemento da maneira máis simple e clara posible”, apunta, e engade que este traballo só se pode facer ben “cando se coñece moi a fondo o tema”. Ao respecto, comenta que unha das cousas interesantes de ensinar un tema “é que realmente te das conta do que non entendiches ben, das lagoas que hai na exposición e de que necesitas velo máis en profundidade ou traballalo mellor”.

A exposición é unha parte da defensa da tese de doutoramento moi importante. Martínez-Vidal lembra que hai persoas e investigadores de gran calidade que non teñen capacidade para comunicar de maneira excelente e iso é unha eiva. “É importante que se traballen esas competencias”. puntualiza.






## Actividades

Xuño 2022

# Formación

**Bases de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas** 

6, 8, 10, 13 e 15 xuño, de 12 a 14.

Matriculación: 31 de maio a 5 de xuño

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Rafael Repiso

Profesor da Universidad Internacional de La Rioja. Diplomado en Biblioteconomía, Licenciado en Documentación, Máster en Avaliación Científica, Doutor en Documentación (2013) e Doutor en Comunicación (2019). Autor de máis de 50 traballos científicos, dos cales máis da metade están publicados en revistas indexadas no *Social Science Citation Index*. Membro fundador da Spin Off EC3metrics da Universidade de Granada. Membro do Grupo de Investigación EC3 (Universidade de Granada), e dos grupos PROCOMM (UNIR) e Comunicar. Membro desde finais de 2017 do Think Tank Thinkepi.

Rafael Repiso, doutor en Documentación (2013) e Doutor en Comunicación (2019)

## «Un ser humano pode relacionarse plenamente cun máximo de 150 persoas»

Rafael Repiso, profesor titular de UNIR (Universidade Internacional da Rioxa), impartiu, por segundo ano, a formación ‘Socimetría. A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións’, dirixido a estudantes da EDIUS en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas. Neste curso, Repiso falou das redes sociais -non virtuais- “que estruturan a humanidade desde o seu inicio até a actualidade”.

### As redes sociais sóannos a algo actual, a internet, aplicacións móbiles, likes e retuits,... pero a cando se remontan as redes sociais?

As redes sociais actuais son virtuais, pero redes sociais son as que estruturan a humanidade desde o seu inicio, desde as primeiras redes de cazadores e recolectores até a actualidade. A preocupación por xerar unha metodoloxía que as analice, en cambio, remóntase a Jacob L. Moreno, a principios do século XX.

### Como poderíamos definir a Análise de Redes Sociais?

A Análise de Redes Sociais é unha aproximación á compoñente reticular das sociedades humanas e encárgase de estudar os individuos individualmente no seu conxunto en relación ás súas conexións cos outros membros do conxunto/rede. Non se preocupa de cuantificar características das persoas ou cualificar comportamentos, senón a analizar como se relacionan, con que outros elementos e persoas e como a través das relacións se intercambia información e as posicións afectan ás estruturas. Así mesmo, tamén se estudan as mesmas estruturas que se xeran.

### Esta análise é aplicable a calquera área?

A Análise de Redes Sociais é moi usada en diferentes disciplinas alleas ás redes sociais, pois o mundo que nos compón caracterízase pola complexidade e as relacións aumentadas xeran redes, redes tróficas, redes de conexións entre equipos. Recentemente, tivemos a experiencia da pandemia, onde se aplicou a Análise de Redes Sociais para controlar a enfermidade e tratar de reducir ao máximo os contaxios entre persoas.

↩ [Ir ao sumario](#)

«A tendencia neste método é que cada vez se exploren máis os fenómenos macro, grazas a que a tecnoloxía os fai facilmente accesibles»

### O mundo a seis graos de distancia... De que fala esta teoría?

É unha teoría que xurdiu como unha obra de teatro. Vennos a dicir que entre dúas persoas calquera do mundo hai un máximo de seis relacións, é dicir, que hai 5 contactos en común. Que eu coñeza a alguén e que ese alguén coñece a ese alguén e así até cinco individuos que nos permiten contactar coa persoa máis afastada. Nas vilas pequenas hai un grao de distancia, todos se coñecen, nas cidades medias, tres graos...

### Que é o cerebro social?

O cerebro social é a capacidade innata que teñen as persoas para ter coñecidos próximos e manter esas relacións. Un antropólogo, Robin Dunbar, calculou esta característica estudando diferentes tipos de primates e o número de individuos que formaban cada gran grupo e relacionándoo co tamaño do neocórtex. Aparentemente, Dunbar calculou que había unha relación forte e calculou que o número de persoas coas que un ser humano pode relacionarse plenamente (subliño plenamente) non supera as 150.

### Existen diferentes niveis de análise relacional?

Si, a ARS pode aplicarse a pequenos grupos, grupos micros ou a relacións xigantes. Para cada análise usaranse aproximacións diferentes. Con pequenos grupos, utilízanse aproximacións etnográficas, mentres que as grandes redes analízase de forma matemática. A obtención de datos, obviamente, varía desde o traballo de campo á *big data*.

### Cales son as relacións máis comúns utilizadas nas Redes Sociais?

Normalmente, as relacións de amizade, intercambio de bens (principalmente diñeiro). En infecciosos, os contactos sensibles de transmisión de enfermidades, co-presenza física nun mesmo lugar, etc. No fondo, analizamos calquera relación que teña significado para os nosos obxectivos e que ademais permitan ser rexistradas ou incluso se rexistre de maneira indirecta nalgún documento.

### Que relevancia ten a sociometría na investigación?

Aporta unha nova aproximación cara ao estudo dos obxectos. A dimensión reticular en moitos casos explica fenómenos que dificilmente se poden estudar con outras aproximacións, como, por exemplo, a ensinanza (transmisión de coñecemento), as enfermidades (transmisión das mesmas), os fluxos económicos ou algo tan complexo como as estruturas sociais, porque a suma de relacións individuais xeran estruturas, e viceversa.

### Cara onde avanza este método cuantitativo?

A tendencia neste método é que cada vez se exploren máis os fenómenos macro, grazas a que a tecnoloxía os fai facilmente accesibles. Sen embargo, estamos rodeados. As recomendacións nas plataformas de música ou de compras vén porque alguén que nunha rede que eles xeran (habitualmente alguén que se relaciona contigo porque consume produtos ou música similar) comprou un produto e sospeitan que un tamén está interesado... A tendencia é cada vez máis a un uso masivo.

 [Ir ao sumario](#)



# Teses

Maio 2022

*Problematic internet use and online risk behaviors. An analysis from the gender perspective*

**SANDRA SANMARTÍN FEIJÓO**

**Director/es:** María Teresa Braña Tobío, Antonio Rial Boubeta

**PD:** Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

**Data:** 02/05/2022 - Presencial

## Resumo:

This dissertation has been carried out in the framework of a research team with a line of work started more than a decade ago and aimed to analyse and understand the use that the adolescents are making of Information and Communication Technologies [ICTs]. The integration of the gender perspective as analytical approach should contribute to a greater understanding of how females and males relate to the ICTs, which results in many cases in a maladaptive use, may it be through a Problematic Internet Use itself or the occurrence of a range of online risky behaviours. To achieve the objectives of this thesis, a sample of 41,137 students was collected in collaboration with UNICEF Spain. The results obtained will favour the development of evidence-based prevention measures taking into account the specific needs of females.

*Performances del yo. Estéticas de la inter/transmedialidad autoficcional*

**GERARDO RAFAEL CRUZ GONZÁLEZ**

**Director/es:** Ángel Eugenio Abuín González

**PD:** Estudos da Literatura e da Cultura

**Data:** 04/05/2022 - Virtual

## Resumo:

Esta investigación indaga acerca de la figura del autor/artista en la producción hispánica contemporánea, vis-à-vis la producción francófona. Aquí se exponen las formas en que la ficcionalización del artista implica una performatividad de sí y una performance que vincula el lenguaje artístico con la vida social del creador; por ello, se considera que hay una relación entre el corpus artístico y el cuerpo del artista, los cuales se vuelven indisociables. Los autores estudiados, César Aira, Mario Bellatin, Marcel Duchamp, Alejandro Jodorowsky, Michel Houellebecq, Pedro Manrique Figueroa, Sophie Calle, Marcel·lí Antúnez y Guillermo Gómez-Peña, hacen uso de estéticas que demandan lo intermedial y lo transmedial, mientras que sus obras revelan una tentación literaria del arte contemporáneo y una literatura post-textual.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en maio

*El léxico de la náutica y la marinería en la lexicografía histórica del español: los diccionarios académicos 1933-1936 y 1960-1996*

**LAURA ARRIBAS GONZÁLEZ**

**Director/es:** María do Mar Campos Souto

**PD:** Lingüística

**Data:** 04/05/2022 - Virtual

*Medidas de bioseguridad y su relación con el estatus sanitario frente a enfermedades infecciosas endémicas en granjas de vacuno lechero*

**FRANCISCO JAVIER VILLAAMIL RODRÍGUEZ**

**Director/es:** Eduardo Alfonso Yus, Francisco Javier Diéguez Casalta

**PD:** Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

**Data:** 05/05/2022 - Semipresencial

*Ciudades pixeladas. Convergencias entre arquitectura y videojuegos en Europa. 1990-2007*

**MARÍA ARÁNZAZU PÉREZ INDAVEREA**

**Director/es:** Federico Antonio López Silvestre

